

ROGO DE AER SOBRE LIMPEZA EN ESPAZOS PÚBLICOS

PLENO 30 NOVIEMBRE 2011. ACTA 21/2011

A raíz da celebración das Eleccións Xerais, detectamos que o Partido Popular de Redondela e PSdG-PSOE de Redondela, e demais partidos políticos, pero en menor medida, están incumprindo de xeito reiterado e sistemático a **Ordenanza municipal reguladora da xestión e do tratamento dos residuos sólidos urbanos, da limpeza de espazos públicos e da salubridade do Concello de Redondela**; aprobada en sesión plenaria o 30 de setembro de 1993 e modificada por última vez o 25 de xuño de 2008.

Dende o pasado 4 de novembro, os partidos políticos violan de forma visible e continuada os artigos da Ordenanza municipal que lles detallamos a continuación:

- *Capítulo I, Artigo 8:* “Non se permite deixar nas vías ou nos espazos públicos ningún tipo de cartel, folleto, folla solta ou calquera medio impreso. Serán responsables da infracción as persoas físicas ou xurídicas que resulten ou aparezan como promotoras da publicidade, anuncio ou convocatoria e, solidariamente, os axentes distribuidores.”

- *Capítulo II, Artigo 14 a):* “Co obxecto de manter as condicións de limpeza e pulcritude que existen o ornato e a estética da cidade, prohíbese colocar carteis e realizar inscricións ou pintadas en paredes, muros, fachadas, farois, valados, papeleiras e noutros elementos das vías públicas non instalados con esta finalidade.”

- *Capítulo II, Artigo 17:* “Durante os períodos electorais en que sexa pertinente a realización de actos de propaganda e publicidade impresa, o Concello adaptará espazos especialmente reservados para a súa utilización como soportes publicitarios, de conformidade coa normativa específica aplicable.”

O BOP recolle que os únicos lugares habilitados para a colocación de cartelería electoral en Redondela son:

* Paneis colocados para o efecto no lateral do Paseo da Alameda, dende a Casa Consistorial ao antigo Parque Infantil.

* Paneis instalados na praza de Pontearreas.

* Báculos de varias estradas.

A Ordenanza municipal, no seu *Capítulo V, Réxime Sancionador, no artigo 32 b)* tipifica como **infracción grave** “colocar carteis en lugares non permitidos e realizar inscricións ou pintadas”; tendo como sanción, tal como recolle o *artigo 34 b)*: “Para infraccións graves: multa entre 750,01 e 1.500 €”. Tendo en conta que en moitos lugares aínda aparecen xunto aos carteis das eleccións xerais, os das pasadas eleccións municipais, entendemos que sobre todo estes dous partidos son reincidentes á hora de cometer este tipo de infracción. A Ordenanza municipal

cualifica no *artigo 33 d)* como **infracción moi grave** “ A reincidencia na comisión de faltas graves”, tendo como sanción (artigo 34-c) “multa entre 1.500,01 e 3.000 €”

Dende AER temos que recoñecer que nós tamén incumprimos esta Ordenanza nas eleccións municipais deste ano, pois descoñecíamos esta Ordenanza; aínda que iso non nos exime de culpa. **Asumimos o erro.** O que si é certo é que AER procurou eliminar, pasadas as eleccións, toda a cartelería dos lugares públicos onde fora pegada.

Por todo o anteriormente exposto, **rogamos ao alcalde** que:

- 1) **Inste a tódolos grupos políticos a cumprir esta ordenanza.**
- 2) **Esixa a limpeza inmediata dos diferentes espazos públicos afectados pola propaganda electoral.**
- 3) **De non facerse a correspondente limpeza, tramite as denuncias pertinentes ameazando coas multas recollidas na Ordenanza.**
- 4) **Nas vindeiras eleccións dote a todas as parroquias da vila de tableiros onde se poida pegar a propaganda electoral, disuadindo así de que se peguen en calquera sitio, como farois, contedores do lixo ou paradas do autobús.**
- 5) **Sanción inmediata ao partido que non cumpra a normativa nas vindeiras eleccións, sen a necesidade dun aviso previo.**